



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA  
DEZANOVE DE ABRIL DE 2022 CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES. ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenente de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
Escusan asistencia	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO

**SECRETARIO:** D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as dezanove horas e corenta minutos do día dezanove de abril de dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (17/03/2022)**

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día dezasete de marzo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.**

2.1.- Comunicación de obra de don Jesús Manuel Fuentes Villar. (Expediente núm. 2022/U026/000012)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Jesús Manuel Fuentes Villar para construción de peche de parcela (continuando o existente) polo fronte da parcela con respecto da vía AC241, de base de pedra de 0,80 metros de alto e reixa ata unha altura total de 1,80 metros. A lonxitude será de 24 metros pola lateral leste de base de bloque recibado de 0,40 metros de alto e postes e arame ata 1,80 metros de altura; a altura do peche e polo lateral leste é de 47 metros de longo. Pola parte norte mesmas características que o da parte leste e unha lonxitude de 24 metros.

Dáse conta do informe emitido pola Consellería de Infraestruturas e mobilidade, expediente nº: IF204A/AC/2022/016.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 002300500NH43F, emprazada en Outeiro, 5 – Santa Cruz de Ribadulla, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais. (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados, debendo quedar o peche de bloque enfuscado e pintado seguindo a guía de cores do Plan Básico Autonómico. A distancia mínima da vía será de 8 metros e nunca menos do establecido nos planos de ordenación do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vedra.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento sesenta e sete euros (#167,00#).

2.2.- Instancia núm. 202200000000051 de dona Fátima Mera Cao. (Expediente número 2022/U007/000001)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada expón que con data do 10/09/2019 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en Pumariño, 6 – Ponte Ulla, referencia catastral da parcela 000800700NH43F, (licenza número 2019/U022/000004), nos termos do proxecto achegado e asinado por don Fco. Javier Amenado Ansede en calidade de arquitecto, e rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

Dáse conta tamén que se achega escritura notarial formalizando a cesión de vías prevista na lei e aceptada co acordo de concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así como na demais lexislación de aplicación, acorda concederlle a licenza de primeira ocupación (Expte.: 2022/U007/000001) e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90,00#) euros.

A licenza outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2.3.- Instancia núm. 202299900000115 de Unión Fenosa Distribución, SA –Gas Naturgy –UFD (Expediente número 2022/U022/000008)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, .SA, solicita licenza para obras de extensión da rede subterránea de baixa tensión con inicio en paso aéreo subterráneo proxectado en apoio existente e final na CPM do solicitante, sendo a canalización da obra de 19 metros de lonxitude, con SGD: 618520120225 en Sales - Sales (San Fins) (expediente núm.: 2022/U022/000008), en solo cualificado polo vixente PXOM como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Alejandro Fernández Reza, en calidade de Enxeñeiro Industrial, cun orzamento provisional de 2.726,53 euros.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda concederlle a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por don Alejandro Fernández Reza e de data 17/02/2022.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 20219990000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo, deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cincuenta e catro euros con cincuenta e tres céntimos (#54,53#).

2.4.- Instancia de dona María del Pilar Nodar Ferradáns. (Expdte. Número 2022/U018/000004)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada solicita a declaración de non necesidade de licenza de parcelamento de finca en San Mamede – Ribadulla (San Mamede), neste termo municipal por diferente cualificación urbanística outorgada polo vixente PXOM deste concello e nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Gabino Grande Toro, en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola, de data 15/02/2022.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda declarar a non necesidade de licenza para o parcelamento descrito na documentación técnica do expediente, sinalada no parágrafo primeiro deste acordo.

2.5.- Comunicación de Obra-Instalación de Solar Profit Energy Services, S.L. (Expediente número 2022/U026/000014)

Dáse conta do citado expediente de comunicación promovido por don SOLAR PROFIT ENERGY SERVICES SL para instalación de placas solares fotovoltaicas para autoconsumo sobre cuberta de vivenda nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Roger Fernández Girona en calidade Enxeñeiro Técnico Industrial e de data 21/03/2022.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001401500NH43E, emprazada en Pousada de Abaixo, 25 - Vedra, en solo cualificado polo



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de (#151,39#).

2.6.- Comunicación de obra de dona M<sup>a</sup>. Jesús Tallón Nieto. (Expediente número 2021/U026/000075)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona M<sup>a</sup> Jesús Tallón Nieto para rehabilitación de vivenda e alpendre retirando uralita e tella, e colocando placas de fibrocemento sobre estrutura de madeira e acabado con tella curva.

Dáse conta do informe da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, recibido neste concello con data do 18/03/2022, expediente L-LC-0755.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 7165811NH4376N, emprazada en Galegos – Ribadulla (Santa Cruz), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Residencial de media densidade en tipoloxía mixta (U-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada, aos datos comunicados e ao contido do informe sectorial.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de douscentos setenta e dous euros con oitenta céntimos (#272,80#).

2.7.- Instancia núm. 202299900000242 de Unión Fenosa Distribución, SA -Gas Naturgy –UFD (Expediente número 2022/U022/000011)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, solicita licenza para obras de subministro eléctrico de 17,00KW para uso terciario, na parcela con referencia catastral 000202500NH43C. Desmontaxe da RBTA existente. Proxéctase liña de baixa tensión subterránea con inicio en paso aéreo a subterránea (PAS) e final na CPM do solicitante, sendo a canalización proxectada de 105 metros de lonxitude en Xián –San Andrés de Trobe (expediente núm.: 2022/U022/000011), en solo cualificado polo vixente PXOM como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Alejandro Fernández Reza , en calidade de enxeñeiro industrial, cun orzamento provisional de 11.731,06 euros.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada e de data 25/03/2022.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíbel. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo, deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de douscentos trinta e catro euros con sesenta e tres céntimos (#234,63#)

2.8.- Instancia núm. 202299900000104 de don Ramón Manuel Lago Lestón. (Expediente número 2022/U007/000003)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado expón que con data do 05/10/2017 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a dona Raquel Villanueva Gaspar e a don Ramón Manuel Lago Lestón para construción de vivenda unifamiliar en Fontao, 27 (Vedra), referencia catastral da parcela 15090A50301200, (licenza número 2017/U022/000020), nos termos do proxecto achegado e asinado por don Estebán Canabal Antelo en calidade de arquitecto, e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

Dáse conta tamén que se achega escritura notarial formalizando a cesión de terreos prevista na lei e aceptada co acordo de concesión da licenza.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así como na demais lexislación de aplicación, acorda concederlle a licenza de primeira ocupación (Expdte: 2022/U007/000003) e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90,00#) euros.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



A licenza outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2.9.- Instancia núm. 202299900000208 de Unión Fenosa Distribución, SA –Gas Naturgy –UFD (Expediente 2022/U022/000010)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Coruña (A), solicita licenza para obras de subministro eléctrico de 21.6 KW para uso público en Avda. M. M. Gómez, s/n, proxéctase liña subterránea de baixa tensión con inicio en PSA e final na CPM do solicitante, canalización de 1 metro, número de SGD 618521090082, en solo cualificado polo vixente PXOM como Residencial de baixa densidade en tipoloxía mixta (U-1), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Alejandro Fernández Reza, en calidade de enxeñeiro industrial, cun orzamento provisional de 600,57 euros.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 26/01/2022.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíbel. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo, deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.10.- Instancia núm. 202299900000040 de Unión Fenosa Distribución, S.A –Gas Naturgy UFD (Expediente número 2022/U022/000003)

Dáse conta da citada instancia na que a dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, solicita licenza para obras de subministro de 55,2 kw para



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



seis vivendas unifamiliares en Sol - Ribadulla (Santa Cruz). Proxéctase unha liña de baixa tensión subterránea con inicio en PAS proxectado sobre apoio existente e fina en punto de acceso a rede PAR dende onde se realiza a acometida ata a CPM do solicitante; canalización total da obra proxectada de 555 metros de lonxitude. Expediente N° UD618521040050. (Expdte. municipal núm.: 2022/U022/000003), en solo cualificado polo vixente PXOM como Residencial de baixa densidade en tipoloxía mixta (U-1), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por Alejandro Fernández Reza, en calidade de enxeñeiro industrial, cun orzamento provisional de 87.276,61 euros.

Dáse conta tamén das seguintes autorizacións sectoriais:

- Augas de Galicia, declaración responsable de actuacións menores, expediente DH.W15.80975.
- Deputación Provincial de A Coruña, Servizo de Vías e Obras, resolución de autorización para RBTS (Rede baixa tensión subterránea), expediente nº18521040050 a UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A., na DP8902 – Sarandón al lugar de Sol, P.K. 3+360 4+000, ambas marxes. EXPEDIENTE 2021000044960.
- Resolución do 22/11/2021 da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, ESTRADA: N-525 P.K.: 323.100 MARGEN: I, referencia : L-LC-0841.
- Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, do 21/01/2022, expediente 3004/21.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por don Alejandro Fernández Reza e de data 04/10/2021. Así mesmo terase en conta o contido das autorizacións sectoriais emitidas.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo, deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de mil setecentos corenta e cinco euros con cincuenta e tres céntimos (#1.745,53#).

2.11.- Comunicación de obra de Solar Profit Energy Services, S.L. (Expdte. número 2022/U026/000015)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Roger Fernández Girona, en representación de Solar Profit Energy Services, S.L, para instalación fotovoltaica de auto consumo sobre cuberta de vivenda, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Roger Fernandez Girona, en calidade de enxeñeiro técnico industrial, de data 30/03/2022.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090B50100332, emprazada en Paradela, 64 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e c un prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de noventa e nove euros con noventa e tres céntimos (#99,93#).

2.12.- Instancia núm. 202199900000581 de Unión Fenosa Distribución, S.A –Gas Naturgy UFD (Expediente número 2021/U022/000026)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de Unión Fenosa Distribución, S.A –Gas Naturgy a interesada, con domicilio en A Coruña, solicita licenza para actuacións no centro de transformación existente CT PUENTE ULLA - 15CEK4, proxéctase a instalación de tres novas celdas modulares: dúas de liña para realizar a entrada e saída da nova LMTS proxectada e unha celda de acoplamento de barras SDG 218319070199, (expediente municipal núm.: 2021/U022/000026), en solo cualificado polo vixente PXOM como Solo rústico de especial protección paisaxística (R-7), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por Rubén Ferverza Nicolás, en calidade de enxeñeiro industrial, cun orzamento provisional de 24.916,29 euros.

Dáse conta da resolución da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais pola que se outorga autorización administrativa previa e de construción. Expediente IN407A 2021/188-4.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á autorización outorgada e á documentación técnica achegada asinada por Rubén Ferverza Nicolás con data 02/07/2021 e ao anexo de data 17/12/2021.





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaríanse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíbel. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo, deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaríanse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de catrocentos noventa e oito euros con trinta e tres céntimos (#498,33#)

2.13.- Comunicación de obra de dona M<sup>a</sup>. Del Carmen Iglesias Gacio. (Expediente número 2022/U026/000009)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona M<sup>a</sup> del Carmen Iglesias Gacio para acondicionamento de espazo para uso como dormitorio adaptado nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Guillermo Prieto Fernández en calidade de Arquitecto Técnico e de data 04/02/2022.

Dáse conta da autorización outorgada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 06/04/2022, expte: 616/22, que conclúe: “Autorizar as obras solicitadas para acondicionamento de estancia para dormitorio adaptado. Lémbrese que, en aplicación do artigo 43 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, unha vez rematadas as obras e nun prazo máximo de seis meses, deberase remitir unha memoria final das obras, asinada polo técnico director, na que se inclúa unha reportaxe fotográfica comparativa da situación anterior e posterior á execución das obras, en relación co ben protexido”.

As actuacións comunicadas levaríanse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 002100100NH44A, emprazada en Cibrán, 6 – Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De fincas singulares en solo de núcleo rural (N-3), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada, aos datos comunicados e ao contido da autorización emitida pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Así mesmo, ao tratarse de obras que modifican a licenza de actividade existente deberase achegar certificado final das actuacións e declaración responsable con respecto da actividade existente de “Aloxamento para turismo rural”.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setecentos setenta e dous euros con trinta e oito céntimos (#772,38#).

2.14.- Instancia núm. 202099900000129 de dona Marta Buján Pereiras. (Expediente 2020/U022/000013)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Trobe (San Andrés) - Vedra, solicita licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar en Argunte – Ribadulla (San Mamede) Vedra (expediente núm.: 2020/U022/000013), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais. (N-2)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Manuel José Martínez López, en calidade de arquitecto, coas seguintes características: ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta; número de plantas: B+1; altura máxima de cornixa menor a 7,00 m.; coeficiente inferior a 0,30 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste Concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A50700411.

Dáse conta da autorización outorgada por Augas de Galicia no expediente clave: DH.B15.72044.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Manuel José Martínez López con número de visado 2101546.1-4.

En cumprimento do artigo 91 da Lei 2/2016 do solo de Galicia a cor a utilizar na fachada harmonizará coa contorna de maneira que favoreza a integración na contorna inmediata e na paisaxe.

En cumprimento do artigo 24 da Lei 2/2016 do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste, e do sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento. Deberán solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia.

A distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3m, debendo gardar a distancia das aliñacións respecto das vías.

Deberase proceder ao acondicionamento da zona de cesión para vías, que deberá quedar axardinada e coa mesma rasante que a vía. A rampla de acceso tamén deberá quedar enrasada coa vía e deberase colocar por debaixo un tubo de sección mínima 400mm para permitir o paso das augas da cuneta á que haberá que darlle continuidade.

Previo ao inicio das obras deberá procederse ao nomeamento de arquitecto técnico e coordinador de seguridade e saúde.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



3º.- Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de catro mil cincocentos dous euros con seis céntimos (#4.502,06#).

2.15.- Corrección de erros.

Instancia núm. 20210000000098 de Aguardientes de Galicia, S.A

Con data do 24/02/2022 ditouse pola Xunta de Goberno Local acordo en relación coa instancia núm. 20210000000098 de Aguardientes de Galicia, S.A (Expediente número 2021/U022/000006), que no seu parágrafo primeiro dispoñía:

“Dáse conta da citada instancia de Aguardientes de Galicia, S.A, na que solicita licenza para obras de construción de edificio para vestiarios (252,37 m<sup>2</sup>) e silos (3 de 105 m<sup>2</sup> cada un deles) en destilería de augardente en Cubelas, 13 – Sarandón (San Miguel) (expediente núm.: 2021/U022/000006), en solo cualificado como “Rústico de especial protección forestal”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Brais Vázquez Rey, en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola.”

E debe poñer:

“Dáse conta da citada instancia de Aguardientes de Galicia, S.A, solicita licenza para obras de construción de edificio para vestiarios (128,87 m<sup>2</sup>) e silos (3 de 105 m<sup>2</sup> cada un deles) en destilería de augardente en Cubelas, 13 – Sarandón (San Miguel) (expediente núm.: 2021/U022/000006), en solo cualificado como “Rústico de especial protección forestal”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Brais Vázquez Rey, en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola.

A Xunta de Goberno Local acorda modificar o mencionado parágrafo.

2.16.- Instancia núm. 202199900000645 de Rectoral do Umia, S.A. (Expediente núm. 2021/U022/000030)

Dáse conta da citada instancia na que dona Myrian Vázquez Vázquez, en representación de Rectoral do Umia, S.A, con domicilio en Ourense, solicita licenza para actuacións construtivas para redución de escorrentías en plantación de viñedos en San Pedro de Vilanova, (expediente núm.: 2021/U022/000030), en solo cualificado como “Rústico de especial protección forestal (R-3)”, “Rústico de especial protección agrícola (R-2)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don José P. Gosende Tuñas, en calidade de Enxeñeiro de camiños, canles e portos.

As actuacións solicitadas executaranse sobre un ámbito que abarca diversas parcelas.

Dáse conta tamén das seguintes autorizacións sectoriais:

- Augas de Galicia, de data 08/02/2022, expediente Clave: DH.W15.81001.
- Servizo de Montes da Consellería do Medio Rural, de data 16/02/2022 e do que se debe xustificar o seu cumprimento.
- Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, de data 17/02/2022, expediente 2021/2475.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por don José P. Gosende Tuñas e Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, de data 11/11/2021.

Deberanse achegar os oficios de dirección de obra.

Terase en conta o disposto nas autorizacións sectoriais emitidas.

3º.- Por tratarse dun uso especial do dominio público, ao afectar a vías municipais, deberá terse en conta o disposto nos artigos 75 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación; adecuándose á información gráfica que foi achegada.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de seis mil novecentos once euros con sesenta e sete céntimos (#6.911,67#)

### **3º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais.**

Non se presentan.

### **4º.- Aprobación provisional dos padróns fiscais da taxas do exercicio 2022.**

4.1.- Padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública* (Ordenanza fiscal núm. 12, BOP núm. 5 do 08/01/2004, modificada por acordo plenario de data 24/10/2012, BOP núm. 245 do 26/12/2012).

Dáse conta do expediente 2022/X999/000003, instruído para a formación e tramitación do padrón fiscal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do ano 2022, en virtude do ordenado pola providencia da Alcaldía de data 20 de xaneiro do ano que andamos.

Dáse conta das alteracións rexistradas respecto do padrón aprobado no exercicio 2021, así como das novas liquidacións efectuadas para a elaboración do padrón do presente exercicio 2022, con base no seguinte:

1. O acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 17/03/2022 (punto 8º da orde do día), relativo ao recoñecemento -por delegación do Pleno- do dereito de redución da cota tributaria a 13 contribuíntes acollidos ao disposto no artigo 8.1 da Ordenanza (expdte. electrónico 2022/X999/000032).

2. Os 33 expedientes de xestión tributaria tramitados ao longo do período por cambio de titularidade (resolucións da Alcaldía núms. 383, 384, 386, 668, 387, 406, 544, 543, 558, 559, 560, 561, 590, 623, 624, 625, 653, 652, 654, 655, 686, 687, 717 e 734, ditadas no ano 2021 e núms. 16, 17, 18, 31, 112, 138, 161, 164 e 194, ditadas no presente ano 2022).

3. Os 3 expedientes de xestión tributaria tramitados, a instancia de parte interesada, ao longo do período por cambio de epígrafe (resolucións da Alcaldía núms. 589/2021, 653/2021 e 163/2022).

4. As actuacións de investigación e comprobación levadas a cabo polos servizos tributarios municipais para determinar de oficio 19 altas novas a 1 de xaneiro de 2022, data para a devindicación da taxa e de referencia para a formación do padrón anual (resolución da Alcaldía núm. 95 ditada o día 11/02/2022).

Visto o expediente e máis as actuacións tributarias realizadas, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

1º.- Aprobar inicialmente o padrón fiscal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública correspondente ao exercicio 2022, formado con base no exposto nos puntos anteriores.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



2º.- Remitir ao Boletín Oficial da Provincia e poñer no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, o edicto anunciando a súa exposición ao público durante o prazo dun mes, para os efectos de notificación colectiva e presentación de reclamacións.

4.2.- Padrón fiscal anual da taxa por rede de sumidoiros (Ordenanza fiscal núm. 13, publicada no BOP núm. 160 do 14/07/2004, na súa redacción actual aprobada por acordo plenario de data 29/10/2020, publicado no BOP núm. 222 do 28/12/2020).

Dáse conta do expediente 2022/X999/000004, instruído para a formación e tramitación do padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros do ano 2022, en virtude do ordenado pola providencia da Alcaldía de data 21 de xaneiro do ano que andamos.

Dáse conta das alteracións rexistradas respecto do padrón aprobado no pasado exercicio 2021, así como das novas liquidacións efectuadas para a elaboración do padrón do presente exercicio 2022, con base no seguinte:

1. Os 5 expedientes de xestión tributaria tramitados ao longo do período por cambio de titularidade (resolucións da Alcaldía núms. 543, 623 e 686 ditadas no ano 2021 e núms. 17 e 112 ditadas no 2022).
2. Un expediente de xestión tributaria tramitado a instancia de parte interesada por cambio de epígrafe (resolución da Alcaldía núm. 163, de data 18/03/2022).
3. Un expediente instruído a instancia de parte interesada, de baixa da liquidación dunha edificación no padrón fiscal da taxa (resolución da Alcaldía núm. 141/2022, de data 4 de marzo), por darse o suposto de non suxeición previsto no artigo 2.2 da Ordenanza fiscal.
4. As actuacións de investigación e comprobación levadas a cabo polos servizos tributarios municipais para determinar de oficio 10 novas altas a 1 de xaneiro de 2022, data de devindicación da taxa e de referencia para a formación do padrón anual (resolucións da Alcaldía núms. 94/2022 e 104/2022, de datas 10 e 16 de febreiro, respectivamente).

Visto o expediente e máis as actuacións tributarias realizadas, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

1º.- Aprobar inicialmente o padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros correspondente ao exercicio 2022, formado con base ao exposto nos puntos anteriores.

2º.- Remitir ao Boletín Oficial da Provincia e subir ao taboleiro de anuncios e á páxina web do Concello, o edicto anunciando a súa exposición ao público durante o prazo dun mes, para os efectos de notificación colectiva e presentación de reclamacións.

### **5º.-Aprobación, se procede, da xustificación e pagamento de subvencións concedidas para o transporte e o ensino do concello de Vedra. Curso escolar 2022/2022 (Expediente núm. 2021/A002/000002)**

Visto que polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 29 de setembro de 2021, se aprobaron as bases reguladoras da convocatoria de axudas para o ensino e o transporte do Concello de Vedra, curso escolar 2021/2022, publicándose con data 08 de outubro no BOP núm. 193/21, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios da casa do concello e da sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>)

Visto que de acordo co establecido nos artigos 17.3 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, remitiuse extracto da convocatoria á BDNS, publicándose a mesma con data 18 de outubro no BOP núm. 198/21, na páxina web municipal, no taboleiro de anuncios da casa do concello e da sede electrónica municipal.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Visto que pola comisión avaliadora das axudas para o ensino e o transporte do concello de Vedra, curso escolar 2021/2022, designada ao efecto por Resolución da Alcaldía núm. 706/21, de data 02 de decembro, se emitiu proposta de concesión con data 08 de febreiro de 2022.

Visto que de acordo co establecido na base oitava das reguladoras da convocatoria, con data 10 de febreiro se publicou a listaxe provisional e a apertura dun prazo de 5 días para presentar reclamacións ou alegacións á mesma.

Visto que pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 24 de febreiro de 2022 se adoptou acordo de concesión das citadas axudas.

Visto que segundo o establecido na base Undécima das Bases reguladoras das axudas para o ensino e o transporte do Concello de Vedra. Curso escolar 2021/2022, o prazo de xustificación é o seguinte: “11.1. Concedida a axuda, a documentación xustificativa presentárase no prazo de 10 DÍAS HÁBILES, a contar desde o día seguinte á publicación da resolución definitiva no taboleiro de anuncios do Concello de Vedra e na páxina web municipal ([www.concellodevedra.com](http://www.concellodevedra.com)), mediante escrito presentado nalgún dos lugares descritos na base 4ª.”

Visto o certificado do Secretario-Interventor municipal das xustificacións presentadas.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

**Primeiro.-** Aprobar os seguintes gastos xustificadas para *as axudas de ensino* en tempo e forma:

APELIDOS E NOME DO PROXENITOR	NIF PROXENITOR	EXPEDIENTE	AXUDA CONCEDIDA	IMPORTE XUSTIFICADO
R. I., M <sup>a</sup> . T.	44****39-N	2021/A003/000039 2021/A003/000040	300,00	300,00
G. P., J. F.	44****07-V	2021/A003/000050	150,00	150,00 €
C. S., M. D.	46****34-W	2021/A003/000003	150,00	NON XUSTIFICADA CORRECTAMENTE (Base 11.2)
A. A., N.	76****11-J	2021/A003/000038	200,00	NON XUSTIFICADA
S. G., I.	33****54-Z	2021/A003/000012 2021/A003/000013	400,00	391,86
B. A.	Y8****74-S	2021/A003/000009 2021/A003/000010 2021/A003/000011	450,00	NON XUSTIFICADA
P. T., L.	54****61-Q	2021/A003/000021 2021/A003/000022 2021/A003/000023	500,00	452,84
M. C., M. J.	44****15-C	2021/A003/000063	150,00	150,00



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



C. G., Á.	46****12-H	2021/A003/000059	250,00	134,80
C. F., M. S.	78****49-E	2021/A003/000051	150,00	150,00
C. S., L.	44****77-P	2021/A003/000019	150,00	150,00
D. S., C.	76****26-W	2021/A003/000035 2021/A003/000036	300,00	300,00
G. I., A. M <sup>a</sup>	76****51-T	2021/A003/000037	150,00	150,00
V. G., M. J.	44****91-G	2021/A003/000047 2021/A003/000048 2021/A003/000049	450,00	450,00
Q. C., V.	44****63-V	2021/A003/000031 2021/A003/000032	300,00	300,00
G. C., M.	45****61-H	2021/A003/000017	200,00	123,09
C. C., P.	44****80-S	2021/A003/000045 2021/A003/000046	300,00	182,99
C. V., M. C.	33****29-Q	2021/A003/000064	200,00	200,00 €
R. R., J.	44****61-N	2021/A003/000058	250,00	250,00
I. O., L.	78****06-J	2021/A003/000061 2021/A003/000062	300,00	300,00
K., B.	Y17****6-H	2021/A003/000018	150,00	NON XUSTIFICADA
B. E., S.	78****40-S	2021/A003/000014 2021/A003/000015 2021/A003/000016	450,00	450,00
J. M., I. A.	78****87-X	2021/A003/000055	150,00	NON XUSTIFICADA
C. B., M. J.	44****04-F	2021/A003/000004	150,00	150,00
I. R., B.	76****17-A	2021/A003/000007 2021/A003/000008	300,00	229,57
G. F., D.	44****39-K	2021/A003/000005 2021/A003/000006	300,00	300,00
C. S., M. T.	78****06-Z	2021/A003/000052 2021/A003/000053 2021/A003/000054	450,00	312,83
C. S., M. L.	44****20-T	2021/A003/000057	200,00	200,00
F. G., N. A.	44****01-G	2021/A003/000066 2021/A003/000067	300,00	300,00
G. T., M.	05****31-P	2021/A003/000024 2021/A003/000025	350,00	290,00



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



V. U., M. T.	44****78-C	2021/A003/000027 2021/A003/000028	300,00	300,00
O. C., C.	44****69-H	2021/A003/000033 2021/A003/000034	350,00	152,00
S. D., R.	44****19-E	2021/A003/000001 2021/A003/000002	300,00	300,00

**Segundo.-** Recoñecer a obriga e ordenar o pagamento das seguintes *axudas ao ensino* do Concello de Vedra do curso escolar 2021/2022:

APELIDOS E NOME DO PROXENITOR	NIF PROXENITOR	EXPEDIENTE	IMPORTE A PAGAR
R. I., M <sup>a</sup> . T.	44****39-N	2021/A003/000039 2021/A003/000040	300,00
G. P., J. F.	44****07-V	2021/A003/000050	150,00
C. S., M. D.	46****34-W	2021/A003/000003	0,00
A. A., N.	76****11-J	2021/A003/000038	0,00
S. G., I.	33****54-Z	2021/A003/000012 2021/A003/000013	391,86
B, A.	Y8****74-S	2021/A003/000009 2021/A003/000010 2021/A003/000011	0,00
P. T, L.	54****61-Q	2021/A003/000021 2021/A003/000022 2021/A003/000023	452,84
M. C., M. J.	44****15-C	2021/A003/000063	150,00
C. G., Á.	46****12-H	2021/A003/000059	134,80
C. F., M. S.	78****49-E	2021/A003/000051	150,00
C. S., L.	44****77-P	2021/A003/000019	150,00
D. S., C.	76****26-W	2021/A003/000035 2021/A003/000036	300,00
G. I., A. M <sup>a</sup>	76****51-T	2021/A003/000037	150,00
V. G., M. J.	44****91-G	2021/A003/000047 2021/A003/000048 2021/A003/000049	450,00
Q. C., V.	44****63-V	2021/A003/000031 2021/A003/000032	300,00
G. C., M.	45****61-H	2021/A003/000017	123,09





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



C. C., P.	44****80-S	2021/A003/000045 2021/A003/000046	182,99
C. V., M. C.	33****29-Q	2021/A003/000064	200,00
R. R., J.	44****61-N	2021/A003/000058	250,00
I. O., L.	78****06-J	2021/A003/000061 2021/A003/000062	300,00
K., B.	Y17****6-H	2021/A003/000018	0,00
B. E., S.	78****40-S	2021/A003/000014 2021/A003/000015 2021/A003/000016	450,00
J. M., I. A.	78****87-X	2021/A003/000055	0,00
C. B., M. J.	44****04-F	2021/A003/000004	150,00
I. R., B.	76****17-A	2021/A003/000007 2021/A003/000008	229,57
G. F., D.	44****39-K	2021/A003/000005 2021/A003/000006	300,00
C. S., M. T.	78****06-Z	2021/A003/000052 2021/A003/000053 2021/A003/000054	312,83
C. S., M. L.	44****20-T	2021/A003/000057	200,00
F. G., N. A.	44****01-G	2021/A003/000066 2021/A003/000067	300,00
G. T., M.	05****31-P	2021/A003/000024 2021/A003/000025	290,00
V. U., M. T.	44****78-C	2021/A003/000027 2021/A003/000028	300,00
O. C., C.	44****69-H	2021/A003/000033 2021/A003/000034	152,00
S. D., R.	44****19-E	2021/A003/000001 2021/A003/000002	300,00
<b>TOTAL</b>			<b>7.119,98</b>

**Terceiro.-.** Recoñecer a obriga e ordenar o pagamento das seguintes *axudas ao transporte* do Concello de Vedra do curso escolar 2021/2022:



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



APELIDOS E NOME DO PROXENITOR	NIF PROXENITOR	EXPEDIENTE	IMPORTE A PAGAR
S. G., I.	33****54-Z	2021/A003/000012 2021/A003/000013	300,00
C. G., Á.	46****12-H	2021/A003/000059	300,00
R. R., J.	44****61-N	2021/A003/000058	300,00
<b>TOTAL</b>			900,00

**Cuarto.-** Que se proceda á apertura dun prazo de cinco días hábiles para a presentación de alegacións, de acordo co previsto na base undécima, apartado 4º: “A resolución provisional da Xunta de Goberno Local será publicada no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web municipal (<https://concellodevedra.com>) e na mesma incluírase a data de apertura dun prazo de 5 días hábiles, a contar dende o seguinte á publicación da mesma, para formular alegacións ou reclamacións oportunas por escrito e presentándoas nalgún dos lugares establecidas na base 4ª”.

**Quinto.-** Que se proceda á súa publicación na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios da casa do concello.

### 6º.- Dar conta de Resolúcións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolúcións da Alcaldía do mes de marzo:

DECRETO	DATA	ASUNTO
138	02/03/2022	Cambio titularidade recibo taxa lixo vivenda núm. 34 de Tomonde –Santa Cruz de Ribadulla
139	02/03/2022	Alta no padrón municipal de habitantes
140	02/03/2022	Alta no padrón municipal de habitantes
141	04/03/2022	Baixa padrón fiscal taxa de sumidoiros da vivenda núm. 24 de Castro –Ponte Ulla por estado ruinoso
142	04/03/2022	Alta no padrón municipal de habitantes
143	07/03/2022	Aprobación xustificantes gastos vinculados á empresa Droguería –Ferretería El Sol, S.L, incluídos na relación de facturas F.2022.4
144	07/03/2022	Aprobación xustificantes gastos vinculados á telefonía e internet incluídos na relación de facturas F.2022.5
145	09/03/2022	Solicitude de subvención para subministración de arquivo móbil para o Arquivo Histórico Municipal de Vedra á Xunta de Galicia
146	08/03/2022	Concesión de tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade A PVC
147	09/03/2022	Aprobación de listaxe cobratoria mediante domiciliación



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		bancaria da actividade de inglés en idade escolar correspondente ao mes de marzo
148	10/03/2022	Aprobación xustificantes gastos vinculados a primas de seguros incluídos na relación de facturas F.2022.6
149	10/03/2022	Aprobación certificación núm. 3 da obra de Ampliación abastecemento Laraño zona sur e factura correspondente presentada pola empresa Obras y Viales de Galicia, S.L
150	10/03/2022	Aprobación xustificantes gastos vinculados a prestacións varias incluídas na relación de facturas F.2022.7
151	10/03/2022	Aprobación de listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade de madrugadores correspondente ao mes de marzo
152	10/03/2022	Aprobación de listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade de ludoteca correspondente ao mes de marzo
153	10/03/2022	Aprobación de listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de EIM correspondente ao mes de febreiro
154	11/03/2022	Outorgando licenza administrativa de posesión de animais a I.L.L
155	15/03/2022	Solicitud de subvención para a mellora de infraestruturas turísticas – Área de recreo de Cubelas
156	15/03/2022	Aprobación de listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de actividades deportivas correspondente ao 2º cuadrimestre do curso 2021/2022
157	15/03/2022	Invasión de vía municipal por muro que se derrubou en Outeiro –Vilanova
158	15/03/2022	Concesión de tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade a DGP
159	15/03/2022	Aprobación xustificantes gastos vinculados a prestacións varias incluídas na relación de facturas F.2022.8
160	16/03/2022	Alta no padrón municipal de habitantes
161	17/03/2022	Cambio titularidade recibo taxa lixo vivenda núm. 8 de Paradela –San Xián de Sales
162	17/03/2022	Alta no SAF –Libre concorrencia de JAV
163	18/03/2022	Cambio epígrafe taxa lixo e sumidoiros do local núm. 31 baixo de Galegos –Santa Cruz de Ribadulla (local baleiro)
164	18/03/2022	Cambio titularidade recibo taxa lixo da vivenda núm. 25 de Cornado –San Fins de Sales
165	21/03/2022	Aprobación bases PEL –Concellos 2022
166	21/03/2022	Solicitud Rede Cultural 2022 da Deputación Provincial
167	22/03/2022	Solicitud Programa de Socorrismo 2022 da Deputación Provincial
168	22/03/2022	Alta no padrón municipal de habitantes
169	23/03/2022	Aprobación proxecto corrixido da obra de <i>Proxecto construtivo de colectores xerais en Bazar</i> (POS +2022)
170	23/03/2022	Aprobación proxecto corrixido da obra de <i>Pavimentación de pistas en San Xián, Illobre, San Mamede e outros</i> (POS +2022. Complementario)
171	23/03/2022	Recoñecemento trienios persoal municipal
172	23/03/2022	Baixa no SAF-Libre concorrencia de LJNF
173	23/03/2022	Aprobación e ordenación pagamento a Montserrat Rodríguez Devesa pola adquisición de parcela para a instalación de



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		depuradora en Bazar
174	23/03/2022	Aprobación certificación final da obra de Acondicionamento de espazo verde público en Fontao e factura correspondente procedente do exercicio 2021 presentada por Obras y Viales de Galicia, S.L. Recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2022
175	24/03/2022	Aprobación expediente de contratación da obra de <i>Saneamento en Santa Cruz</i> (POS Adicional 2/2021). Expdte. 2022/C003/000002
176	24/03/2022	Concesión de subvención nominativa e sinatura de convenio regulador entre o concello e o Club Olímpico de Vedra, correspondente á anualidade 2022
177	25/03/2022	Adxudicación praza vacante na EIM , curso 2021/2022 a AEP
178	25/03/2022	Adhesión ao convenio entre a Consellería de Presidencia e a Fegamp para o control da vespa velutina
179	25/03/2022	Alta no padrón municipal de habitantes
180	25/03/2022	Aprobación nóminas do mes de marzo
181	28/03/2022	Devolución aval bancario a Ana Naya García, S.L presentado para responder da execución do contrato de xestión da EIM, que rematou o 01/11/2020
182	28/03/2022	Creación da Oficina de Rexistro Cl@ve: designación de interlocutora/xestora municipal do sistema e usuarios rexistradores
183	29/03/2022	Aprobación convocatoria selección Xuíz/a de Paz Titular de Vedra por renuncia da anterior (Exp. 2022/E001/000002)
184	29/03/2022	Cambio titularidade servizo de axuda no fogar, redución de intensidade e cambio de copagamento de MVCN
185	30/03/2022	Inscripción do Rexistro de Asociacións da Asoc. Cultural A Gaita de Sarandón –Requinteiros da Ulla
186	30/03/2022	Adxudicación praza vacante no Programa Conxuga, modalidade de madrugadores a MLS
187	30/03/2022	Ampliación prazo de execución da obra de <i>Sustitución de la envolvente térmica del Pabellón Municipal de Vedra</i> (Exp. 2021/C003/000005)
188	30/03/2022	Aprobación certificación final da obra de Colectores Xerais e Edar de Vedra e factura correspondente do exercicio 2021 presentada pola empresa Espina & Deflín, S.L (Recoñecemento extraxudicial de créditos 3/2022)
189	30/03/2022	Cambio de xornada na EIM de APL
190	31/03/2022	Aprobación xustificantes gastos vinculados a prestacións varias incluídas na relación de facturas F.2022.8
191	31/03/2022	Delegación especial para celebración de matrimonio civil por parte de Juan Manuel Cernadas Méndez
192	31/03/2022	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
193	31/03/2022	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o concello e a ANPA Ortigueira correspondente á anualidade 2022

A Xunta de Goberno dáse por informada.

### 7º.- Outros asuntos.

Non se presentan.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: [correo@concellovedra.gal](mailto:correo@concellovedra.gal)



Conclúe ao fío das vinte horas e vinte e cinco minutos.